

IDEAS
PARA UNHA HOMILÍA CON NENOS
24 DECEMBRO 2023

**María indícanos o Leste
por onde nace o Sol**

1. Ver: Construimos o compás de Advento

- Continuamos elaborando o **panel** que nos propón Fano para este Advento que nos orienta para atoparnos con Xesús e así celebrar o verdadeiro Nadal. Tras colocar o Norte, o Sur e o Oeste, este domingo engadimos o **LESTE**.
- Polo Leste nace o sol cada mañá, ese sol que ilumina a terra e que dá cor e brillo a todas as cousas para que as vexamos e nos admiremos ante a súa beleza e gocemos.

Que tedes feito ao longo deste Advento?

2. XULGAR: María co seu Si tráenos o SOL

- **O rei David** (1ª lectura) **quere facer unha casa**, un templo onde viva Deus. Pero o profeta Natán ensínalle que Deus quere habitar nos nosos corazóns. No evanxeo de hoxe, María recibe a visita de Gabriel pedíndolle que **acepte ser a nai de Xesús**. Ela responde cun **SI grande**, di “**fágase**” e ponse a servir.

QUE NOS QUERE DICIR XESÚS?

- **Xesús segue “nacendo”** cada Noiteboa. Pero é necesario ser capaces de abrir os nosos ollos, de ir na dirección axeitada e de esquecermos de tantas cousas que nos desorientan do verdadeiro sentido do Nadal.

- Este domingo miramos ao Leste por onde **María vén traéndonos o SOL** que nos asolagará de alegría, alumará a nosa vida e encheranos de forza e calor.
- Pero que fai ela? **María dá o seu Si a Deus** que lle pide, a través do Anxo Gabriel, que lle permita aceptar a Xesús na súa vida. E o Espírito Santo fixo o demais: encheuna da súa graza, revestiuna con todo o amor de Deus, fíxoa ditosa, benaventurada.
- Se nos fixamos no **debuxo de Fano** descubriremos os nenos que esta semana colorearemos ofrecendo as súas flores, é dicir, dando o seu Si a Xesús para que naza neles, e así o Espírito vai enchéndoos do sorriso de Deus.
- Hoxe que acendemos a **candea da acollida**, a candea do Si, preguntámonos cantos si temos que dar a Xesús para que naza na nosa vida e sexa o SOL radiante que nos encha da luz da fe e da calor do amor.

***Cantos si vou poñer no meu berce
para que Xesús naza en min?***

3. ACTUAR: Acollemos a Xesús

- Na casa seguimos cos preparativos: continuamos colocando o **belén**; tamén acendemos a **4ª candea** da coroa de Advento (a da acollida) e rezamos a oración correspondente. Esta semana coloreamos día a día o **Leste no debuxo de Fano**: a pomba (Espírito Santo), o do turbante (Xosé) e os cinco nenos coas súas flores (os seus Si). E á noite (Noiteboa) colocamos no centro do compás o recorte do Sol Neno Xesús. Ao empezar a cea rezamos a “Bendición da cea de Noiteboa”.

Que cambios imos facer na nosa vida?

LECTURAS

2º SAMUEL 7, 1-5. 8b-12. 14a.16: O reino de David manterase sempre firme ante o Señor.

Cando o rei David asentou na súa casa e o Señor deulle repouso de todos os seus inimigos de arredor, díxolle ao profeta Natán: «Mira, eu habito nunha casa de cedro, mentres a Arca de Deus habita nunha tenda». Natán díxolle ao rei: «Vai e fai o que desexa o teu corazón, pois o Señor está contigo». Aquela noite veu esta palabra do Señor a Natán: «Ve e fala ao meu servo David: “Así di o Señor: Ti vasme construír unha casa para morada miña? Eu tomeite do pasteiro, de andar tras o rabaño, para que foses xefe do meu pobo Israel. Estiven ao teu lado por onde queira que fuches, suprimín a todos os teus inimigos diante túa e fíxente tan famoso como os grandes da terra. Dispoñerei un lugar para o meu pobo Israel e plantareino para que resida nel sen que o inquieten, nin lle fagan máis dano os malvados, como outrora, cando nomeaba xuíces sobre o meu pobo Israel. A ti deiche repouso de todos os teus inimigos. Pois ben, o Señor anúnciache que che vai a edificar unha casa. En efecto, cando se cumpran os teus días e repouses cos teus pais, eu suscitarei descendencia túa despois de ti. Ao que saia das túas entrañas afirmareille o seu reino. Eu serei para el un pai e el será para min un fillo. A túa casa e o teu reino manteranse sempre firmes ante min, o teu trono durará para sempre”».

Palabra do Señor.

SALMO 88: R/.

Cantarei eternamente as túas misericordias, Señor.

ROMANOS 16, 25-27: O misterio mantido en segredo durante séculos eternos foi manifestado agora.

SAN LUCAS 1, 26-38: *Alégrate, chea de graza, o Señor está contigo.*

Narrador: Naquel tempo o anxo Gabriel foi enviado por Deus a unha cidade de Galilea chamada Nazaré, a unha virxe desposada cun home chamado Xosé, da estirpe de David; a virxe chamábase María. O anxo, entrando na súa presenza, díxolle:

Anxo: -«*Alégrate, chea de graza, o Señor está contigo*».

Narrador: Ela turbouse ante estas palabras e preguntábase que saúdo era aquel. O anxo díxolle:

Anxo: -«*Non temas, María, porque atopaches graza ante Deus. Concibirás no teu ventre e darás a luz un fillo, e poñeraslle por nome Xesús. Será grande, chamarase Fillo do Altísimo, o Señor Deus daralle o trono de David, o seu pai, reinará sobre a casa de Xacob para sempre, e o seu reino non terá fin*».

Narrador: E María dixo ao anxo:

María: -«*Como será iso, pois non coñezo a home?*»

Narrador: O anxo contestoulle:

Anxo: -«*O Espírito Santo virá sobre ti, e a forza do Altísimo cubrirate coa súa sombra; por iso o Santo que vai nacer chamarase Fillo de Deus. Aí tes á túa parente Sabela, que, a pesar da súa vellez, concibiu un fillo, e xa está de seis meses a que chamaba estéril, porque para Deus nada hai imposible*».

Narrador: María contestou:

María: -«*Aquí está a escrava do Señor; fágase en min segundo a túa palabra*». *E deixouna o anxo.*

Palabra do Señor.

(Narrador-Anxo-María)